



Guía Docente

Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables		Código	652G03022
Titulación	Grao en Educación Social			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagoxía e Didáctica			
Coordinación	Suárez Canedo, Luís Román	Correo electrónico	luis.roman.suarez@udc.es	
Profesorado	Suárez Canedo, Luís Román	Correo electrónico	luis.roman.suarez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A pobreza, a marxinación, a vulnerabilidade e a exclusión son aspectos inherentes aos modelos de organización política, económica e social contemporáneos. Estas realidades supoñen formas de vida singularizadas pola precariedade económica, a falta de oportunidades ou desigualdade no acceso a mellores condicións de vida ou ben a privación de dereitos, aspectos que dificultan a realización persoal e social. É unha finalidade da Educación Social visibilizar estas realidades, promover a toma de conciencia sobre o funcionamento da sociedade actual e actuar en consecuencia desde unha posición crítica, de forma que se desenvolvan procesos encamiñados á emancipación das persoas, ao seu fortalecemento como suxeitos de dereitos, á súa integración e participación social, así como á transformación das sociedades, para que se tornen máis xustas. Con esta idea, na materia de Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables, partiremos dun achegamento aos referentes teórico-conceptuais que permitan comprender e explicar as situacións de vulnerabilidade e exclusión social, contextualizadas no marco socioeconómico e político máis amplo, así como discernir os factores e as fases presentes nos procesos e traxectorias vitais que conducen a estas situacións. Así mesmo, é importante coñecer o marco legal e institucional que lexitima e (de)limita a intervención socioeducativa para a prevención, protección e inclusión de minorías e colectivos vulnerables. Achegarémonos a diferentes contextos e realidades de exclusión social e ás propostas socioeducativas, que, en forma de programas, proxectos, recursos, redes? tratan de promover a inclusión social. Unha aproximación que nos permita poñer en cuestión e valorar a súa pertinencia en termos pedagóxicos e sociais. Finalmente, interéranos coñecer as funcións que ocupan ao/á educador/a social nos diferentes programas, recursos ou institucións.			

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes.
A2	Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.
A3	Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa.
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A7	Aplicar metodoloxías educativas e dinamizadoras da acción socioeducativa.
A8	Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos
A9	Deseñar e desenvolver proxectos, programas e servizos nos diferentes campos de intervención profesional promovendo a participación e o desenvolvemento comunitario.
A14	Identificar e emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional.
A20	Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos.
A21	Deseñar e implementar procesos de avaliación de programas e estratexias de intervención socioeducativa en diversos contextos.
B2	Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.



B3	Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade.
B5	Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer e diferenciar entre realidades afíns á exclusión social: pobreza, marxinación, desigualdade, vulnerabilidade...	A2 A5 A8 A14		
Comprender a exclusión como un proceso multidimensional, discernindo as fases polas que transcorre, as causas, as manifestacións e os efectos múltiples	A2 A5 A8		
Identificar e analizar as relacións entre os sistemas político, económico, educativo e social, e os procesos de vulnerabilidade e exclusión social, nun marco de globalización neoliberal e crise do Estado de Benestar	A2 A3 A5 A8 A20		
Deseñar e defender programas e proxectos de acción socioeducativa para a prevención, a inclusión social e o exercicio dunha cidadanía global, especificando as bases teórico-metodolóxicas sobre as que se sustenta	A1 A2 A3 A5 A7 A8 A9 A20 A21	B2 B3 B5 B6	C3 C6 C7
Coñecer e promover estratexias e dinámicas de inclusión social, favorecedoras do empoderamento e participación social, que permitan problematizar e transformar a realidade desde a perspectiva das persoas protagonistas (cartografía social, teatro do oprimido, aprendizaxe-servizo, filosofía para nenos e nenas...)	A2 A7 A9 A20 A21		C7
Determinar e fundamentar as características, os factores influíntes, as posibilidades e limitacións da acción socioeducativa en contextos específicos de vulnerabilidade e exclusión social	A1 A2 A3 A5 A8 A14 A20		C7
Esptar e desenvolver unha actitude autocrítica, de autorregulación da propia aprendizaxe, de participación activa e responsable no proceso, así como de compromiso coa realidade que nos rodea	A14		C1 C6 C7



Contidos	
Temas	Subtemas
Módulo 1: A exclusión social, o novo rostro da pobreza	1. Precisións terminolóxicas: pobreza, marxinación, exclusión, vulnerabilidade, desigualdade, integración. 2. Os procesos de exclusión e inclusión social: fases, dimensións de análise, ámbitos, factores e eixos da desigualdade.
Módulo 2: Dimensión estrutural da exclusión e inclusión social	3. Globalización neoliberal e exclusión social. 4. Estigma e criminalización da pobreza.
Módulo 3: Prácticas socioeducativas de prevención e inclusión social: perspectivas e procesos metodolóxicos	5. Enfoques metodolóxicos inclusivos e transformadores: principios e directrices da acción socioeducativa. 6. Análise da realidade, deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de acción socioeducativa. 7. Técnicas e estratexias de educación para emancipación e o exercicio dunha cidadanía global: cartografía social e aprendizaxe-servizo
Módulo 4: Das realidades aos programas, proxectos e recursos de acción socioeducativa	8. Privación de liberdade. 9. Senfogarismo.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A1 A7	2	0	2
Análise de fontes documentais	A2 A3 A5 A8 C3 C6	0	30	30
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A5	10	0	10
Discusión dirixida	A2 A3 A5 A8 A14 B5 B6 C6	9	0	9
Presentación oral	A14 B6 C1 C3	6	5	11
Portafolios do alumno	A2 A3 A5 A7 A8 A9 A20 A21 B2 B3 B5 B6 C1 C6 C7	9	35	44
Proba de ensaio	A2 A3 A5 A8 A14 B6 C1	0	35	35
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A3 A5 A8 B3 C6 C7	6	0	6
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Destinadas a (re)coñecernos como protagonistas dos procesos de ensino e de aprendizaxe que se inician, a presentar e discutir as regras do xogo recollidas na guía docente, a identificar intereses e /ou motivacións do alumnado respecto dos obxectivos que se queren acadar, e a verbalizar preconceptos e saberes previos das alumnas e alumnos relacionados coa materia, dos que partir para favorecer aprendizaxes relevantes.
Análise de fontes documentais	Utilización de documentos relevantes textuais (artigos, libros, novas de prensa, poemas, textos lexislativos...) e audiovisuais (documentais, curtas, filmes, fotografías, viñetas...) que faciliten e amplíen a comprensión dos conceptos básicos da materia, e permitan a elaboración de pensamentos razoados acerca da intervención socioeducativa. Seguindo a Finkel (2008), trátase de deixar que falen os documentos, propoñendo actividades que permitan desentrañar o seu significado: mapas conceptuais, estudo de casos, recensións, diálogo reflexivo, seminarios, etc. O dossier de lecturas obrigatorias e para aprofundar estará accesible no Moodle.



Sesión maxistral	Destinada á exposición oral por parte da docente na que achegar o saber científico e disciplinar imprescindible para a deconstrución e reconstrución crítica do coñecemento experiencial. Complementárase co uso de recursos pertinentes (textuais e/ou audiovisuais) e coa introdución de preguntas dirixidas ao alumnado para favorecer o diálogo reflexivo. A finalidade é promover unha aprendizaxe transformadora, potenciando a participación do alumnado na construción significativa do coñecemento.
Discusión dirixida	Fundaméntase na concepción da aprendizaxe como un proceso reflexo, dialóxico, un acto de (re)creación solidarizando a reflexión e a acción. En base á análise previa de fontes documentais, promoverase o debate e contraste de opinións fundamentadas, a través das que: identificar dificultades na comprensión; promover a dúbida e o conflito, poñendo en tea de xuízo as crenzas e interpretacións iniciais; provocar o pensamento diverxente e recoller diferentes argumentacións; favorecer a conexión con experiencias vitais; etc. Todo coa finalidade de que o alumnado tome conciencia de interpretacións alternativas da realidade socioeducativa, se emancipe dos preconceptos e ideas erróneas, e reconstrúa criticamente novas formas de pensar, sentir e actuar.
Presentación oral	Algunhas das actividades desenvolvidas serán expostas diante do grupo de referencia, procurando chegar a conclusións compartidas sobre o caso investigado, o documento ou experiencia analizada. Entre as actividades, a proposta de aprendizaxe-servizo que o alumnado terá que elaborar para o cartafol, será presentada e defendida no grupo expositivo. Unha das finalidades da presentación oral é favorecer a coavaliación e autoavaliación a través da contrastación de diferentes formas de resolver as mesmas actividades, permitindo identificar dificultades e potencialidades nos propios traballos, así como autorregular a propia aprendizaxe.
Portafolios do alumno	Dossier ordeado por seccións, debidamente identificadas e paxinadas, no que se recollen os rexistros e/ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado. Realizarase de forma grupal (entre 5-6 integrantes) e incluíranse aquelas actividades indicadas pola/o docente, referentes tanto ás sesións expositivas como interactivas, e que poden abranger: definicións fundamentadas, recensións de fontes documentais, revisión de novas de prensa, análise de experiencias e casos, resumo de eventos científicos e/ou divulgativos... Unha das prácticas consistirá na elaboración dunha proposta de aprendizaxe-servizo a desenvolver cun colectivo vulnerable. O cartafol é froito do traballo tutelado e continuo en torno aos diferentes núcleos temáticos que se iniciarán na aula pero que requirirá do traballo autónomo do alumnado ?previo e posterior?, atendendo ás indicacións que se proporcionarán na aula e no Campus Virtual.
Proba de ensaio	Esta proba busca responder a preguntas de certa amplitude. Implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Participación en xornadas organizadas no marco da materia ou por entidades externas que se consideren de interese para o alumnado. O obxectivo é afondar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia, proporcionando experiencias de boas prácticas actuais que incorporan as últimas novidades referentes a un determinado ámbito de estudo, e empreguen o galego como lingua vehicular.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	Para a realización do cartafol realizarase acompañamento na aula e titorías fóra dela.
Portafolios do alumno	O alumnado que solicitara e teña recoñecida a dispensa académica -tal como se establece na "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña" (aprobadada en Consello de Goberno de 28 de xuño de 2016)-, terá que asistir a unha titoría na que concretar a porcentaxe de asistencia mínima en función da súa situación, e as metodoloxías de avaliación.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
--------------	---------------------------	------------	---------------



Presentación oral	A14 B6 C1 C3	A presentación e defensa da proposta de aprendizaxe-servizo integrada no cartafol, será avaliada polo docente (heteroavaliación), polo grupo aula (coavaliación), e polo propio grupo (autoavaliación), atendendo aos seguintes criterios: a orde na exposición; a claridade e corrección lingüística; a capacidade de síntese das ideas fundamentais; a coherencia no discurso, a linguaxe non verbal e utilización do espazo; a creatividade (presentación suxestiva, motivadora, dinamizadora da participación das/os compañeiros/as...); e emprego dunha linguaxe inclusiva. A valoración do traballo presentado terá carácter grupal. Será por elo preciso que cada grupo estableza unhas normas de autorregulamento mínimas que faciliten a dinámica de traballo.	5
Portafolios do alumno	A2 A3 A5 A7 A8 A9 A20 A21 B2 B3 B5 B6 C1 C6 C7	Para cada unha das prácticas a incluír no cartafol compartiranse no Campus Virtual indicacións específicas da/o docente, así como os criterios concretos de avaliación. En xeral, valorarase: a capacidade reflexiva; o grao de afondamento; a fundamentación das reflexións en fontes bibliográficas; a precisión na resposta ao que se solicita; a capacidade para establecer sinerxías entre contidos da materia e a realidade social; o tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar; e a calidade da organización e presentación da información.	55
Proba de ensaio	A2 A3 A5 A8 A14 B6 C1	Procura avaliar de xeito directo a capacidade de análise, a expresión e a organización de ideas relativas aos contidos da materia. Valorarase a rigorosidade e precisión na resposta, combinada coa capacidade de razoamento (argumentación, relación entre ideas, comparación...), e capacidade crítica, así como a calidade da expresión escrita.	40

Observacións avaliación



- 1.- A asistencia e participación nas sesións de aula e actividades prácticas sinaladas considéranse obrigatorias nunha universidade presencial como é a Universidade da Coruña. Aquelas alumnas e alumnos que, por razóns debidamente acreditadas (de saúde, laborais ou de conciliación), non podan ter unha asistencia sistemática (por encima do 85%), poderán optar a unha modalidade de avaliación específica, sempre que o comuniquen á docente en horario de titorías para a súa oportuna e axeitada consideración. Nestes casos, establécense as seguintes actividades de avaliación: Proba de ensaio (50%) e Ensaio reflexivo (50%). As pautas e criterios de avaliación específicas destas dúas actividades figuran no documento colgado no Campus Virtual. Avaliarase o ensaio reflexivo só no caso de superar a proba de ensaio. En caso de non superala, a nota final corresponderase coa acadada nesta, valorada sobre 100%.
- 2.- O cómputo global da nota final require que todas as actividades de avaliación obteñan unha cualificación de aprobado (5). As actividades superadas só se gardarán durante a convocatoria anual.
- 3.- O alumnado asistente que non supere nin o portafolio nin a proba de exame na primeira oportunidade, realizará unha proba de ensaio na segunda oportunidade que computará o 100%. De ter unha das partes aprobadas só terá que presentarse coa parte suspensa.
- 4.- Todos os traballos presentaranse en formato dixital (PDF) a través do Campus Virtual. Non se aceptará ningún traballo do que a docente non teña constancia da súa realización.
- 5.- Segundo o establecido no artigo 14.4. das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario, "na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento". A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso (nota numérica 0) na convocatoria en que se cometa.
- 6.- O alumnado que solicitara e teña recoñecida a dispensa académica -tal como se establece na "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña" (aprobada en Consello de Goberno de 28 de xuño de 2016)-, terá que asistir a unha titoría na que concretar a porcentaxe de asistencia mínima en función da súa situación, e as metodoloxías de avaliación (que en calquera caso poderá combinar as propostas para alumnado presencial e para quen non cumpra a obriga de asistencia mínima).



Bibliografía básica

Bachiller, Santiago (2009). Significados del espacio público y exclusión de las personas sin hogar como un proceso de movilidad forzada. *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, 128, 125-137. Barba, María, Morán, M. Carmen e Cruz, Laura (2017). Animación sociocultural en prisión. Experiencia en el centro penitenciario de Monterroso. Madrid: Popular. Battle, Roser (2011). ¿De qué hablamos cuando hablamos de aprendizaje servicio? *Crítica*, 972, 49-54. Bodelón, Encarna (2012). La violencia contra las mujeres en situación de prisión. *EMERJ*, 15(57), 111-129. Bonet, Jordi (2006). La vulnerabilidad relacional: análisis del fenómeno y pautas de intervención. *REDES. Revista hispana para el análisis de redes sociales*, 11. Cabrera, Pedro (2003). Cárcel y exclusión. *Revista del ministerio de trabajo y Asuntos sociales*, 2, 83-120. Cabrera, Pedro (2007). Exclusión social. Conceptos para un contexto. *Revista de Treball Social*, 180, pp. 9-21 Castel, Robert (2010a). El ascenso de las incertidumbres. Buenos Aires: FCE. Castel, Robert (2010b). La gestión diferencial de las minorías étnicas. En *La discriminación negativa. ¿Ciudadanos o indígenas?* (pp. 61-77). Barcelona: Hacer Editorial. Cortina, Adela (2017). ¿Cómo superar los conflictos entre el discurso del odio y la libertad de expresión en la construcción de una sociedad democrática? *Anales de la Real Academia de Ciencias Morales y Políticas*, 94, 77-92. De Puig, Irene (2010). Los valores del diálogo. *Crearmundos*, 8, 22-27. Emaus (2015). Manual Inlue. Unha ferramenta para a aplicación dun novo enfoque na atención a persoas en situación de exclusión social (pp.11-27). Fundación Foessa (2019). VIII Informe sobre exclusión y desarrollo social en España. Madrid: Cáritas Española. Gijón, Mónica (s/d). Aprendizaje-servicio e inclusión social. *Aprenentatgeservei*. Gil, Fernando, (2010), La acción pedagógica en las prisiones. Posibilidades y límites. *Revista española de pedagogía*, 245, 40-64 INE (2020). Encuesta personas sin hogar. Jiménez, Magdalena (2008). Aproximación teórica de la exclusión social: complejidad e imprecisión del término. Consecuencias para el ámbito educativo. *Estudios Pedagógicos*, 1, 173-186. Lafuente, Antonio e Horriño, Patricia (2017). Cómo hacer un mapeo colectivo. Madrid: Contenta me tienes. Laparra, Miguel et al (2007). Una propuesta de consenso sobre el concepto de exclusión. Implicaciones metodológicas. *Revista Española del Tercer Sector*, 5, 15-57. Martín, Víctor M. e Vila, Eduardo S. (2016). Si nada cambia, todo continúa igual. La educación social y sus ausencias en el ámbito penitenciario. *Revista de Educación Social*, 22, 11-28. Matamala, Elena (2022). Desactivar el sinhogarismo de larga duración. *Universitat de Valencia* Matulic, María Virginia; De Vicente-Zueras, Irene; Boixadós-Portet, Adela e Caïs-Fontanella, Jordi (2019). Las mujeres sin hogar: realidades ocultas de la exclusión social. *Trabajo Social Global*, 9(16). Max-Neef, Manfred; Elizalde, Antonio e Hopenhayn, Martín (1998). Desarrollo y necesidades humanas. En *Desarrollo a escala humana* (pp.37-82). Barcelona: Icaria. Mendi, Rafael e Moreno, Víctor (s/d). Aprendizaje y servicio solidario: una estrategia para la inclusión social. *Zerbikas*. Mesa, Sara (2019). Silencio administrativo. La pobreza en el laberinto burocrático. Barcelona: Anagrama. Olea, Sonia e Fernández, Guillem (2018). Espacio público y penalización del sinhogarismo desde un enfoque de derechos humanos. *Barcelona Societat*. *Revista de investigación y análisis social*, 22. Paniego, Clara E. (2017). Aprender a pensar a través de la filosofía para niños. *Fórum Aragón*, 22, 18-22. Puig, Josep M.; Martín, Xus e Battle, Roser (s/d). Cómo iniciar un proyecto de aprendizaje y servicio solidario. *Zerbikas*. Renes, Víctor (2004). Criterios y objetivos para la calidad en la intervención social. *Documentación social*, 135, 11-34. Ríos, Julián (2006). La cárcel: observación de una realidad. En F. Vidal, *La exclusión social y el Estado de Bienestar en España*. V Informe FUHEM de Políticas Sociales (pp. 591-598). Barcelona: Icaria. Rodríguez, Juan R. e Díez, Enrique J. (2015). La política social bajo la agenda neoliberal. *Documentación social*, 176, 195-216. Rubio, Mª José; Muñoz, Manuel; Cabrera, Pedro José e Sánchez, María Rosario (Coords.) (2022). Perspectiva social y psicológica de la situación sin hogar. *Vidas de calle y sueños rotos*. Madrid: Pirámide. Sánchez, Mª Rosario (2010). Las personas sin hogar en España. *Revista de Educación social*, 14, 21-42. Segovia, José, L. (2011). Consecuencias de la prisionización. *Universidad Pontificia de Salamanca*. Salamanca (España). Subirats, Joan (dir.) (2004). Pobreza y exclusión social un análisis de la realidad española y europea. Barcelona Fundación "La Caixa". Consultado en http://obrasocial.lacaixa.es/StaticFiles/StaticFiles/f28d31d9615d5210VgnVCM1000000e8cf10aRCRD/es/vol16_es.pdf Torre, Isabel (2015). La criminalización de la pobreza al servicio del neoliberalismo. *Viento Sur* (138), 93-101. Valderrama, Pedro (2013). La micropolítica de la función reeducadora en prisión. *Revista de Educación*, 360, 69-90. Xunta de Galicia (2017). Estudio de la situación de las personas sin hogar en Galicia. Trazos y propuestas de intervención. Xunta de Galicia (2019). Plan de Atención ás Persoas sen Fogar en Galicia (2019-2023) @font-face { font-family: "Arial"; }@font-face { font-family: "Cambria"; }@font-face { font-family: "ArialMT"; }@font-face { font-family: "Verdana-Bold"; }p.MsoNormal, li.MsoNormal, div.MsoNormal { margin: 0cm 0cm 0.0001pt; font-size: 12pt; font-family:



"Times New Roman"; }em { }div.Section1 { page: Section1; }



Bibliografía complementaria	AA.VV. (2003). Patrones de exclusión social en el Marco Europeo. Consultado en <a 1="" 10261="" 1495="" bitstream="" digital.csic.es="" dt-0201.pdf"="" href="http://www.cruzroja.es/pls/portal30/docs/PAGE/SITE_CRE/ARBOL_CARPETAS/BB_QUE_HACEMOS/B10_INTERVENCIÓN_SOCIAL/POBREZA/MAQUETAPATRONES.PDFAA.VV. (2016). Vivienda: un debate necesario. Revista de Treball Social, 209. Aliena, Rafael. (2005). Descenso a la Periferia: asistencia y condición humana en el territorio de lo social. Valencia: NauLlibres. Arriba, Ana (coord.) (2008). Políticas y bienes sociales: procesos de vulnerabilidad y exclusión social. Madrid: Fundación FOESSA. Arriba, Ana (2002). El concepto de exclusión en política social. Unidad de Políticas comparadas. CSIC. Consultado en http://digital.csic.es/bitstream/10261/1495/1/dt-0201.pdf Barba, María e Morán, M. Carmen (2013). Prisión e dereito á educación. Atas do XII Congreso Internacional Galego-Português de Psicopedagogía (pp.776-788). Bauman, Zygmunt (1999). La globalización, consecuencias humanas. México: Fondo de Cultura Económica. Bauman, Zygmunt (1999). Trabajo, consumismo y nuevos pobres. Barcelona: Gedisa. Bauman, Zygmunt (2001). La posmodernidad y sus descontentos. Madrid: Akal. Bauman, Zygmunt (2005). Vidas desperdiciadas. La modernidad y sus parias. Barcelona: Paidós. Belzunegui, Ángel e Brunet, Ignasi (2012). Los lugares sociales de la pobreza. En Belzunegui, A. (Coord.), Socialización de la pobreza en España (pp.11-34). Barcelona: Icaria. Bergalli, Roberto (2009). La humillación: técnicas y discursos para la exclusión social. Barcelona: Bellaterra. Bergalli, Roberto (Coord.) (2003). Sistema penal y problemas sociales. Barcelona: Bellaterra. Boal, Augusto (2002). Juegos para actores y no actores. Alba: Barcelona. Boal, Augusto (2009). Teatro del oprimido: teoría y práctica. Alba: Barcelona. Cabrera, Pedro e Ríos, Julián (1998). Mil voces presas. Universidad Pontificia de Comillas. Cabrera, Pedro J. (2011). Exclusión social y prisiones. Documentación social, 161, 43-66. Cabrera, Pedro J. e Rubio, Mª José (2008). Las personas sin hogar hoy. Revista del Ministerio de Trabajo e Inmigración, 75, 51-75. Cabrera, Pedro J.; Rubio, Mª José e Blasco, Jaume (2008). ¿Quién duerme en la calle? Una investigación social y ciudadana sobre las personas sin techo. Fundación Caixa Catalunya. Castel, Robert (1995). De la exclusión como estado a la vulnerabilidad como proceso. Archipiélago. Cuadernos de crítica de la cultura, 21. Castel, Robert (1997). La metamorfosis de la cuestión social, una crónica del salariado. Buenos Aires: Paidós. Castel, Robert, et al (2001). Desigualdad y globalización. Cinco conferencias. Buenos Aires: FCE. Cobo, Rosa (2011). Hacia una nueva política sexual. Madrid: Catarata. Cobo, Rosa (2017). La prostitución en el corazón del neoliberalismo. Madrid: Catarata. Cortes Generales (2007). Informe de la ponencia sobre la prostitución en nuestro país (154/9) aprobada en sesión de la ponencia de 13 de marzo de 2007. Cortina, Adela (2001). Ciudadanos del mundo. Hacia una teoría de la ciudadanía. Madrid, Alianza Editorial. Cortina, Adela (2017). Aporofobia, el rechazo al pobre. Un desafío para la democracia. Barcelona: Paidós. De Miguel, Ana (2015). Neoliberalismo sexual: el mito de la libre elección. Madrid: Cátedra. Delgado, Manuel et al. (2003). Exclusión social y diversidad cultural. Donostia: Tercera Prensa. Díez, Juan Manuel e Rocha, Eduardo (2016). Cartografía social aplicada a la intervención social en barrio Dunas, Pelotas, Brasil. Revista Geográfica de América Central, 57, 97-128. Escudero, José Manuel e Sáez, José (coords.) (2006). Exclusión social, exclusión educativa. Murcia: Diego Martín. García Roca, Joaquín (2006). Relatos, metáforas y dilemas. Para transformar las exclusiones. En Vidal, F. (dir), La exclusión social y el Estado de Bienestar en España. VExposición, Elisabeth e Llopis, Nuria. (2016). El tránsito del educador social en prisiones: entre el control y la transgresión. Revista de Educación Social, 22, 69-84. Fabra, Nuria; Heras, Pilar e Fuertes, Sonia, (2016). La reinserción social postpenitenciaria: un reto para la educación social. Revista de Educación Social, 22, 143-156. Forcadadas, Jordi (2012). Praxis de teatro del oprimido. Consultado en https://www.patothom.org/PDFs/PraxisTeatroOprimido.Forcadadas.pdf Freire, Paulo (1992). Pedagogía del oprimido. Madrid: Siglo XXI. Freire, Paulo (2001). Pedagogía de la indignación. Madrid: Morata. Freire, Paulo (2002). Pedagogía de la esperanza. Mexico: Siglo XXI. García Barón, Catalina (2007). Barrios del mundo: historias urbanas. La cartografía social? pistas para seguir. Disponible en http://ccra.mitotedigital.org/sites/default/files/content/garcia_baron_cartografia_social.pdf García Roca, J. (2007). La revancha del sujeto. Documentación Social, 145, 37-52. García Roca, Joaquín (2006). Metodologías de la intervención social. En Pedagogía de la marginación (pp. 11-29). Madrid: Popular. García Roca, Joaquín (2006). Relatos, metáforas y dilemas. Para transformar las exclusiones. En Vidal, F. (dir), La exclusión social y el Estado de Bienestar en España. V Informe FUHEM de Políticas sociales (pp. 9-27). Madrid: FUHEM. García Roca, Joaquín (2007). La revancha del sujeto. Documentación Social, 145, 37-52. García Roca, Joaquín (2012). La criminalización de la pobreza. Iglesia Viva, 249, 31-52. García Roca, Joaquín et al. (1991). Pedagogía de la marginación. Madrid, Editorial Popular. Garrido, Vicente e Gómez, Ana Mª (1995). Educación Social en el ámbito penitenciario. Comunicación,
---	---



Lenguaje y Educación , 27, 53-60. Garrido, Vicente e Martínez, M^a Dolores (eds.) (1998). Educación Social para delincuentes. Valencia: Tirant lo Blanch. Gil, Fernando (2002). La exclusión social. Barcelona: Ariel. Giménez, María et al. (2003). Nuevas políticas para la inclusión social: agenda pública y prácticas significativas. VIII Congreso Internacional del CLAD sobre la Reforma del Estado y de la Administración Pública, Panamá, 28-31 Oct. 2003. Gimeno, Beatriz (2011). La prostitución. Barcelona: Bellaterra. Gimeno, Juan A. (2004). Exclusión social y Estado de Bienestar. Madrid: Centro de Estudios Ramón Areces. Goffman, Erving (1982). Estigma. La identidad deteriorada. Buenos Aires: Amorrortu. Gómez, Águeda e Pérez, Silvia (2009). Prostitución: clientes e outros homes. Vigo: Xerais. Gómez, Águeda, Pérez, Silvia e Verdugo, Rosa M. (2015). El putero español. Madrid: Catarata. Habegger, Sabina; Serrano, Eduardo e Mancila, Iulia (2006). El poder de la cartografía del territorio en las prácticas contrahegemónicas. Quaderns d'Educació Contínua, 15. Hernández, Blanca (2007). La prostitución, a debate en España. Documentación Social, 144, 75-89. Hessel, Stéphane (2010). Indignádevos. Faktoría de libros. Izaola, Amaia e Zubero, Imanol (2014). La cuestión del otro: forasteros, extranjeros, extraños y monstruos. Papers, 100(1), 105-129. Jelinek, Elfriede (2005). Los excluidos. Barcelona: Mondadori. Juliano, Dolores (2004). Excluidas y marginales. Una aproximación antropológica. Valencia: Cátedra. Karsz, Saül (comp.) (2004). La exclusión bordeando sus fronteras: definiciones y matices. Barcelona: Gedisa. Laespada, M^a Teresa (ed.) (2008). Intervención en exclusión social y drogodependencias: la confluencia entre políticas sociales y sanitarias. Bilbao: Universidad de Deusto. López-Aranguren, Eduardo (2005). Problemas sociales: desigualdad, pobreza, exclusión social. Madrid: Biblioteca Nueva. Manzanos, César (dir.) (2005). Servicios sociales y cárcel: alternativas a la actual cultura punitiva. Victoria-Gastéiz: Salhaketa. Millán, José Carlos (comp.) (2004). Colectivos en riesgo de exclusión. Inmigrantes, minorías étnicas y perspectiva de género. A Coruña: Instituto Gallego de Iniciativas Sociales y Sanitarias. Muleiro, Hugo (2006). Al margen de la agenda: noticias, discriminación y exclusión. México: Fondo de Cultura Económica. Navarro, Vincenç (2020). ¿Cuál debería ser el objetivo de un proyecto emancipador? La relación entre las diferentes formas de explotación. El Viejo Topo, 384, 41-53. Noa de la Fuente, Iria (2023). La realidad conceptual del sinhogarismo. Reflexiones para un abordaje comprensivo. Cuadernos de Trabajo Social, 36(1), 61-71. Oña, José Manuel (2010). Educación de calle y desarrollo comunitario: una experiencia educativa en contextos de exclusión. Madrid: Cáritas, Fundación Foessa. Planella, Jordi (2008). Educación social, acompañamiento y vulnerabilidad: hacia una antropología de la convivencia. Revista Iberoamericana de Educación, 46/5. Provivienda (2018). Cuando la casa nos enferma: la vivienda como cuestión de salud pública. Renes, Víctor (dir.) (2008). VI informe sobre exclusión y desarrollo social en España 2008. Madrid: Fundación FOESSA, Cáritas Española. Rubio, M^a José e Montero, Silvia (coords.) (2002). La exclusión social: teoría y práctica de la intervención. Madrid, CCS. Sáez, Juan e García, José (2006). Un pensamiento de orden y totalizador o ¿qué tienen que ver los educadores sociales en/con la exclusión. En J. M. Escudero e J. Sáez, Exclusión social / exclusión educativa (pp.123-140). Murcia: DM. Sanz, Susana (2010). Colectivos vulnerables y derechos humanos: perspectiva internacional. Valencia: Tirant lo Blanch. Solana, José L. et al. (2008). Los retos de la prostitución: estigmatización, derechos y respeto. Granada: Comares. Subirats, Joan (dir.) (2005). Análisis de los factores de exclusión social. Fundación BBVA. Consultado en http://www.fbbva.es/TLFU/dat/DT_2005_04.pdf Subirats, Joan (dir.) (2006). Fragilidades vecinas: narraciones biográficas de exclusión social urbana. Barcelona: Icaria. Tezanos, José F. (1999). Tendencias de dualización y exclusión social en las sociedades tecnológicas avanzadas. Uribe, Joan (2020). La prisión de los conceptos: escoria, exclusión social, interacción y agencia. Zerbitzuak, 71, 5-17. Valedor do Pobo (2010). As persoas sen fogar en Galicia. Santiago de Compostela. Consultado en <http://www.valedordopobo.com/index.php?s=115&i=89> Vallés, Josep (2009). Manual del educador social: intervención en servicios sociales. Pirámide. Valverde, Jesús (1997). La cárcel y sus consecuencias. La intervención sobre la conducta desadaptada. Madrid: Popular. Vidal, Fernando (2006) (ed.). La exclusión social y el estado de bienestar en España. V Informe FUHEM de políticas sociales. Barcelona: Icaria. Wacquant, Loïc (2000). Las cárceles de la miseria. Madrid: Alianza Editorial. Wacquant, Loïc (2001). Parias urbanos. Marginalidad en la ciudad a comienzos del milenio. Buenos Aires: Manantial. Wacquant, Loïc (2007). Los condenados de la ciudad: guetos, periferias y estado. Buenos Aires: Siglo XXI. Wacquant, Loïc (2009). Castigar a los pobres. El gobierno neoliberal de la inseguridad social. Barcelona: Gedisa. Wacquant, Loïc (2012). El matrimonio entre el workfare y el prisonfare en el siglo XXI. Astrolabio, 9, 184-205. Xunta de Galicia (2004). A prostitución feminina na Comunidade Autónoma de Galicia. Santiago de Compostela: Servizo Galego de Igualdade, Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Deseño e desenvolvemento da acción socioeducativa/652G03002
Socioloxía/652G03005
Pedagogía social/652G03006
Xénero, igualdade e educación/652G03007
Educación multicultural/652G03013
Intervención en contextos familiares de risco/652G03015
Servizos sociais e benestar social/652G03014
Educación de menores en desprotección e conflito social/652G03016
Educación de persoas adultas e maiores/652G03018

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Orientación ocupacional/652G03021

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías